



Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: Piano

Curso: 2025- 2026

1	Introdución.....	4
2	Metodoloxía.....	5
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	7
4.1	Educación en valores.....	7
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	8
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	8
6	Secuenciación do curso.....	9
6.1	Curso: 1º Grao Elemental.....	9
6.1.1	Obxectivos.....	9
6.1.2	Contidos.....	9
6.1.3	Avaliación.....	10
6.1.4	Recursos didácticos.....	10
6.2	Curso: 2º Grao Elemental.....	12
6.2.1	Obxectivos.....	12
6.2.2	Contidos.....	12
6.2.3	Avaliación.....	12
6.2.4	Recursos didácticos.....	13
6.3	Curso: 3º Grao Elemental.....	15
6.3.1	Obxectivos.....	15
6.3.2	Contidos.....	15
6.3.3	Avaliación.....	16
6.3.4	Recursos didácticos.....	17
6.4	Curso: 4º Grao Elemental.....	18
6.4.1	Obxectivos.....	18
6.4.2	Contidos.....	18
6.4.3	Avaliación.....	19
6.4.4	Recursos didácticos.....	20
6.5	Curso: 1º Grao Profesional.....	22
6.5.1	Obxectivos.....	22
6.5.2	Contidos.....	22
6.5.3	Avaliación.....	23
6.5.4	Recursos didácticos.....	24
6.6	Curso: 2º Grao Profesional.....	25
6.6.1	Obxectivos.....	25
6.6.2	Contidos.....	25
6.6.3	Avaliación.....	26
6.6.4	Recursos didácticos.....	27

27

6.7.1	Obxectivos.....	27
6.7.2	Contidos.....	28
6.7.3	Avaliación.....	29
6.7.4	Recursos didácticos.....	30
6.8	Curso: 4º Grao Profesional.....	31
6.8.1	Obxectivos.....	31
6.8.2	Contidos.....	31
6.8.3	Avaliación.....	32
6.8.4	Recursos didácticos.....	33
6.9	Curso: 5º Grao Profesional.....	35
6.9.1	Obxectivos.....	35
6.9.2	Contidos.....	35
6.9.3	Avaliación.....	36
6.9.4	Recursos didácticos.....	37
6.10	Curso: 6º Grao Profesional.....	39
6.10.1	Obxectivos.....	39
6.10.2	Contidos.....	39
6.10.3	Avaliación.....	40
6.10.4	Recursos didácticos.....	41
7	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	43
8	Ampliacións de matrícula.....	45
9	Medidas de recuperación.....	46
10	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	48
11	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	48
12	ANEXOS.....	49
12.1	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	49
12.2	Probas de acceso a outros cursos.....	49
12.2.1	Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental.....	49
12.2.2	Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional.....	49
12.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	50
12.4	Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais).....	51
12.5	Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)....	52
12.6	Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso.....	53



1 **Introdución**

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da materia de Piano, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes as características propias do centro onde se levará á práctica, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, e os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

Neste curso contamos con 96 alumnos/as de piano.

- Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na web da Consellería de Educación edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música.

- Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na mellora das posibles carencias e dificultades do alumnado que así o precise, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo adicado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.



Con carácter xeral primarase os máis produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumnado ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, reforzarase en todo momento a motivación do alumnado, o que facilitará a mellora do seu rendemento e a adquisición duns correctos hábitos de estudo, entre outros aspectos.

Principios metodolóxicos xerais:

Actividade e participación: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas), o dos seus compañeiros e compañeiras (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación).

Motivación e autoestima: no comezo e final das sesións procuraremos realizar unha explicación ou reflexión que leve ao alumnado a unha maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Aprendizaxe significativo: de acordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de globalización: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos) afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e a súa aprendizaxe.

Personalización e atención á diversidade: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade do alumnado de cada grupo – clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe do alumnado (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas).

Interacción: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumnado – alumnado (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación), alumnado – profesorado (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

Principios metodolóxicos específicos da materia:



- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas
- Que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo
- Modificar os esquemas de coñecemento

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na páxina *súa* páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos



4 Temas transversais

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o desprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promóvese a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentárase a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

4.1 Educación en valores

A clase individual de instrumento permite que a relación profesor-alumnado sexa directa, o cal aumenta en certo sentido a influencia do primeiro sobre o segundo. Será importante a supervisión constante do comportamento do alumnado en temas tales como a igualdade de xénero, tolerancia coas diferencias, respecto cara os compañeiros, comportamento cívico e sensibilidade cara a cultura en xeral.



4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regularlas e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recompila ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumnado ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.



Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 6º).

6.1 Curso: 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Adquirir un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Desenvolver a coordinación psicomotriz.
- Desenvolver a escoita activa.
- Desenvolver aspectos básicos da xestualidade pianística baseados no emprego do peso do brazo.
- Adquirir unha sensación de pulsación interna regular na interpretación das pezas.
- Diferenciar e percibir pulsacións legato e non legato.
- Iniciar a adquisición un hábito de estudo de calidade.
- Realizar de xeito incipiente contrastes dinámicos na interpretación das pezas.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, pezas ou fragmentos musicais de nivel similar ás que figuran nesta programación como orientativas para este curso.
- Tocar en público de memoria.

6.1.2 Contidos

- Adquisición dunha postura correcta diante do piano.
- Desenvolvemento dunha xestualidade pianística elemental baseada no emprego do peso do brazo.
- Traballo da pulsación interna e a propiocepción.
- Traballo da escoita activa e do desenvolvemento do oído interno.
- Interpretación de pasaxes legato e non legato e combinacións sinxelas de ambos tipos de ataque entre ambas mans.
- Interpretación de pezas escritas en compases de 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8.
- Comprensión das indicacións dinámicas *f*, *mf*, *mp*, e *p*.
- Introducción ao traballo da diferenciación dinámica entre ambas mans.
- Traballo de frases sinxelas, con estrutura simple de pregunta-resposta.
- Desenvolvemento progresivo da capacidade de lectura de fragmentos sinxelos en clave de sol e fa.
- Aplicación no traballo persoal as ferramentas de estudo vistas na clase.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento no transcurso da interpretación.



- Amosar unha xestualidade pianística axeitada.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto á articulación.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto as dinámicas e os planos sonoros.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio de diferentes escrituras en canto a lectura das dúas claves.
- Ser capaz de realizar con sentido musical estruturas sinxelas de pregunta-resposta.
- Amosar interese pola materia e grao de esforzo.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Amosar unha posición correcta fronte ao instrumento.
- Amosar unha axeitada coordinación psicomotriz.
- Ler melodías en clave de sol.

2º Trimestre:

- Interpretar obras/fragmentos destacando a melodía sobre o acompañamento.
- Producir un son na interpretación das pezas dunha suficiente calidade.

3º Trimestre

- Comprender as diferenzas dinámicas de forte e piano.
- Ler pezas en clave de sol e de fa.
- Interpretar dúas obras similares ás que aparecen no repertorio orientativo.
- Participar nunha adución/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.1.4 Recursos didácticos

Método Europeo Vol. 1

Bastien Piano Vol. 1

García Abril: Caderno de Adriana nº1-5

Bartok: Mikrokosmos Vol. 1

Shostakovich: "Pezas infantís".

Nancy y Randall Faber, "Piano Adventures"



Juan Cabeza: Divertudios 1

Hiroyo Masumura y Anselma Veit, "Pianistico! 1"

Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 1 y 2"

Hervé Pouilliard, "Méthode pour les débutants"

Zongora Iskola I

Marilyn Lowe, Music moves for piano, Book 1



6.2.1 Obxectivos

- Manter un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Desenvolver destrezas técnicas propias do nivel do curso.
- Desenvolver a escoita activa.
- Desenvolver aspectos básicos da xestualidade pianística baseados no emprego do peso do brazo.
- Manter unha sensación de pulsación interna regular na interpretación das pezas.
- Diferenciar e percibir pulsacións legato e non legato.
- Afianzar a adquisición un hábito de estudo de calidade.
- Realizar contrastes dinámicos na interpretación das pezas.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, pezas ou fragmentos musicais de nivel similar ás que figuran nesta programación como orientativas para este curso.
- Tocar en público de memoria.

6.2.2 Contidos

- Mantemento dunha postura correcta diante do piano.
- Desenvolvemento dunha xestualidade pianística adecuada ao nivel baseada no emprego do peso do brazo.
- Traballo da pulsación interna e a escoita activa.
- Traballo de destrezas pianísticas como a simultaneidade no son de acordes e o paso do polgar en pasaxes legato.
- Interpretación de pasaxes legato e non legato e combinacións sinxelas de ambos tipos de ataque entre ambas mans.
- Iniciación ao emprego dos pedais.
- Interpretación de pezas escritas en compases de subdivisión binaria e subdivisión ternaria.
- Comprensión das indicacións dinámicas.
- Traballo da diferenciación dinámica entre ambas mans.
- Iniciación ao traballo polifónico en pezas o exercicios moi sinxelos.
- Traballo sistemático da capacidade de lectura de fragmentos adoitados ao nivel en clave de sol e fa en distintas tonalidades.
- Aplicación no traballo persoal das ferramentas de estudo vistas na clase.

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento no transcurso da interpretación.
- Adquirir unha xestualidade pianística axeitada ao curso.
- Amosar unhas destrezas pianísticas acordes ao nivel.



- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto á articulación e fraseo.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto as dinámicas e os planos sonoros.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio de diferentes escrituras e tonalidades en canto a lectura das dúas claves.
- Amosar unha escoita activa no emprego dos pedais.
- Ser capaz de realizar con sentido musical pezas polifónicas moi sinxelas.
- Ser capaz de manter unha pulsación estable na interpretación dunha peza.
- Amosar interese pola materia e grao de esforzo.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Amosar unha posición correcta fronte ao instrumento.
- Manter unha pulsación estable na interpretación de pezas sinxelas.
- Ler exercicios en clave de sol e fa.

2º Trimestre:

- Interpretar obras/fragmentos realizando diferenciacións dinámicas.
- Producir un son na interpretación das pezas dunha suficiente calidade.
- Traballar obras/fragmentos co paso do polgar.

3º Trimestre

- Comprender as diferenzas dinámicas de forte e piano.
- Ler pezas en clave de sol e de fa.
- Interpretar dúas obras similares ás que aparecen no repertorio orientativo.
- Participar nunha adución/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.2.4 Recursos didácticos

Estudos:

Burgmüller Op. 100

Lemoine, estudos op. 37



Método Europeo Vol. 2

Hervé et Pouilliar, Methode pour les debutants

Nancy y Randall FAber, Piano Adventures 2.

Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3"

Juan Cabeza, Divertudios 2, Cuaderno de Piano (Nivel Intermedio)

Barroco:

Bach: Minueto en Sol M // Musette

Clásica:

Denes Agay coord.: "The joy of first classics"

Romántica:

Schumann: Albu da xuventude nº2.

Moderna/Contemporánea:

Kabalevsky Op. 39

Janina Garscia: op. 5, op. 25 y op. 27

Mariona Vila: *Toquem el piano Vol. 2*



6.3.1 Obxectivos

- Manter un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Aplicar a escoita activa na interpretación.
- Desenvolver aspectos da xestualidade pianística baseados no emprego do peso do brazo.
- Adquirir destrezas técnicas propias do nivel do curso.
- Profundar en aspectos interpretativos e do coidado do son axeitados ao nivel en canto articulación, fraseo, dinámicas, planos sonoros e polifonía.
- Coñecer as características elementais do repertorio dos distintos estilos, épocas e formas.
- Empregar os pedais en función do contido musical e o estilo.
- Aplicar un análise formal nas obras que se traballen.
- Afianzar a adquisición un hábito de estudo de calidade.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, pezas ou fragmentos musicais de nivel similar ás que figuran nesta programación como orientativas para este curso.
- Tocar en público de memoria.

6.3.2 Contidos

- Mantemento dunha postura correcta diante do piano.
- Desenvolvemento dunha xestualidade pianística adecuada ao nivel baseada no emprego do peso do brazo.
- Traballo de destrezas pianísticas como a simultaneidade no son de acordes, os desplazamentos e as notas dobres.
- Traballo da pulsación interna estable e da escoita activa, buscando a calidade do son.
- Diferenciación de distintos planos sonoros no repertorio de melodía acompañada.
- Interpretación diferenciada das distintas voces no repertorio polifónico.
- Interpretación de pasaxes con distinta articulación en ambas mans.
- Iniciación a ornamentación.
- Continuación do traballo dos pedais.
- Comprensión das características interpretativas dos distintos estilos: tipos de toque, articulación, fórmulas de acompañamento, pedalizacións, fraseo...
- Traballo polifónico en obras axeitadas ao nivel.
- Traballo sistemático da capacidade de lectura de fragmentos adoitados ao nivel en clave de sol e fa en distintas tonalidades.

- Aplicación no traballo persoal das ferramentas de estudo vistas na clase.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento no transcurso da interpretación.
- Adquirir unha xestualidade pianística axeitada ao curso.
- Amosar unhas destrezas pianísticas acordes ao nivel.
- Resolver as dificultades técnicas derivadas das distintas escrituras do repertorio.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto á articulación e fraseo.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto as dinámicas e os planos sonoros.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio de diferentes escrituras, texturas e estilos.
- Amosar unha escoita activa no emprego dos pedáis, coidando a claridade do son.
- Interpretar con sentido musical e un son axeitado ao nivel obras de repertorio de diferentes estilos, incluíndo polifonía.
- Ser capaz de manter unha pulsación estable na interpretación dunha peza.
- Amosar interese pola materia e grao de esforzo.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso.
- Executar cunha técnica básica as dificultades da escritura desas obras.

2º Trimestre:

- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso.
- Producir un son na interpretación das pezas dunha suficiente calidade.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipos de toque e da articulación.

3º Trimestre

- Traballar obras/fragmentos empregando os pedais.
- Interpretar dúas obras similares ás que aparecen no repertorio orientativo.
- Participar nunha adución/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)



A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.3.4 Recursos didácticos

Estudos:

Bertini op. 100

Burgmüller, Estudos Op. 100

Lemoine, Estudos op. 37

Katherine Fisher y Julie Knerr Hague, "Piano Safari 3"

Juan Cabeza, Piano Train Trips.

Barroca:

Bach: Pequenos preludios BWV 999, BWV 939

Clásica:

Clementi: Sonatina Op.36 nº1 e 2

Beethoven: Sonatina nº5 e 6

Romántica:

Schumann: Album da Xuventude nº6, 7, 8, 10, 14.

Tchaikovsky: Album da Xuventude Op 39 (Boneca enferma).

Eugenia Osterberger: *Vals* (1895).

Moderna/Contemporánea:

Shostakovich; 6 pezas para nenos

Kabalevsky; Pezas infantís op. 27 (Tocatina), op. 39 (19 a 24), Op. 89.

A. Kachaturian: Pezas para nenos

Nancy Faber: *Halloween Sonatine* (Faber Piano Adventures – Intermediate 4).

Jennifer Linn: *Les papillons à la lumière du soleil; Le chat et le moucheron; La poupée de Marcella* (Les petites impressions).



6.4.1 Obxectivos

- Manter un hábito postural que evite tensións innecesarias.
- Aplicar a escoita activa na interpretación.
- Desenvolver aspectos da xestualidade pianística baseados no emprego do peso do brazo.
- Adquirir destrezas técnicas propias do nivel do curso.
- Profundar en aspectos interpretativos e do coidado do son axeitados ao nivel en canto articulación, fraseo, dinámicas, planos sonoros e polifonía.
- Profundar na planificación interpretativa e a organización do contido musical do repertorio.
- Coñecer as características básicas do repertorio dos distintos estilos, épocas e formas.
- Empregar os pedais en función do contido musical e o estilo.
- Aplicar un análise formal nas obras que se traballen.
- Afianzar a adquisición dun hábito de estudo de calidade.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, pezas ou fragmentos musicais de nivel similar ás que figuran nesta programación como orientativas para este curso.
- Tocar en público de memoria.

6.4.2 Contidos

- Mantemento dunha postura correcta diante do piano.
- Desenvolvemento dunha xestualidade pianística adecuada ao nivel baseada no emprego do peso do brazo.
- Traballo de destrezas pianísticas como a axilidade dixital, unha polirritmia básica, deseños arpexiados sinxelos e a iniciación ás octavas.
- Interpretación do repertorio cunha coherencia na estrutura da obra e un sentido musical global.
- Traballo da pulsación interna estable e da escoita activa, buscando a calidade do son.
- Diferenciación de distintos planos sonoros no repertorio de melodía acompañada.
- Interpretación diferenciada das distintas voces no repertorio polifónico.
- Interpretación de pasaxes con distinta articulación en ambas mans.
- Coñecemento dos principais signos da ornamentación e a súa execución.
- Desenvolvemento dunha progresiva autonomía na elección da dicitación máis axeitada á escritura musical.
- Traballo da pedalización en función das características estilísticas e da escritura do repertorio.



- Comprensión das características interpretativas dos distintos estilos: tipos de toque, articulación, fórmulas de acompañamento, pedalizacións, fraseo...
- Traballo sistemático da capacidade de lectura de fragmentos adoitados ao nivel en clave de sol e fa en distintas tonalidades.
- Aplicación no traballo persoal das ferramentas de estudo vistas na clase.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento no transcurso da interpretación.
- Adquirir unha xestualidade pianística axeitada ao curso.
- Amosar unhas destrezas pianísticas acordes ao nivel.
- Resolver as dificultades técnicas derivadas das distintas escrituras do repertorio.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto á articulación e fraseo.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio en canto as dinámicas e os planos sonoros.
- Interpretar correctamente pezas do repertorio de diferentes escrituras, texturas e estilos.
- Amosar unha progresiva autonomía na elección da dixitación.
- Amosar unha escoita activa no emprego dos pedais, coidando a claridade do son.
- Interpretar con sentido musical, coherencia na estrutura e un son axeitado ao nivel obras de repertorio de diferentes estilos, incluíndo polifonía.
- Ser capaz de manter unha pulsación estable na interpretación dunha peza.
- Amosar interese pola materia e grao de esforzo.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso, unha delas polifónica.
- Executar cunha técnica básica as dificultades da escritura desas obras.
- Ter dixitado, ao menos, un fragmento dunha obra de xeito adecuado á escritura do mesmo.

2º Trimestre:

- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso.
- Producir un son na interpretación das pezas dunha suficiente calidade.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipos de toque, da ornamentación e da articulación.

3º Trimestre



- Traballar obras/fragmentos empregando os pedais.
- Interpretar ao menos unha obra do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha adución/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.4.4 Recursos didácticos

Estudos:

Burgmüller Op. 109 (1 e 2)

Czerny Op. 636 (3, 6 e 10) / Czerny Op. 299 (4 e 5)

Heller Op. 45 (1 e 2)

Barroco:

J.S. Bach: Invención a 2 voces Do M.

J.S. Bach: Pequenos Preludios BWV 926, 927, 935, 938.

Clásica:

Beethoven: Sonata op. 49, nº2; Sonatina nº6

Clementi: Sonatinas op. 36, nº 4, 5, 6

Diabelli: Sonatinas op. 151, núm. 1

Romántica:

Schumann: *Álbum de la Juventud* op. 68, núm. 12, 13, 22, 28, 30, 32.

Grieg: Piezas líricas op. 12, núm. 2, 3, 4, 8.

Tchaikovsky: op. 39 nº 9

Moderna/Contemporánea:

Debussy: *The little nigar, The little shepherd.*

Villa-Lobos: *Petizada* nº 3, 5 y 6.

Bartok: *For Children* nº 21, 38, 39, 40.

Ginastera: *Milonga.*

Jennifer Linn: *Un phare dans le brouillard.* (Les petites impressions)





6.5.1 Obxectivos

- Aprender e interpretar obras de memoria
- Ampliar a gama de ataque entre legato e non legato.
- Desenvolver a técnica de interpretación de diferentes planos sonoros e o entramado polifónico de dúas e tres voces especialmente no repertorio barroco
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Iniciarse na autonomía do uso dos pedais e da dixitación.
- Coñecer o significado das principais expresións de carácter e tempo que se aplican ao repertorio pianístico habitual.
- Adquirir hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Coñecer as diferentes partes mecánicas do piano e o seu funcionamento.
- Participar en dúas audicións públicas.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.5.2 Contidos

- Aprendizaxe de recursos básicos para memorizar as obras e o seu adestramento na clase e nas audicións.
- Desenvolvemento progresivo dos diversos tipos de ataque, co emprego consciente e progresivamente maior das diferentes posibilidades que se deducen do uso correcto do peso do brazo e das articulacións .
- Realización das diversas indicacións dinámicas e o equilibrio dos niveis e calidade do son resultante, tanto en planos sonoros, entramado polifónico, melodía acompañada, acordes, etc.
- Interpretación de obras de carácter polifónico a dúas ou tres voces.
- Continuación no estudo da dixitación e a súa problemática, así como a utilización dos pedais.
- Adquisición de hábito de estudo.
- As diferentes partes do piano e o seu funcionamento.
- Desenvolvemento progresivo da lectura a vista.
- Participación en dúas audicións públicas.
- "Estudo e interpretación dun programa que debe comprender obras de

- diferentes estilos (contrapuntísticas, estudos técnicos, sonatinas ou sonatas clásicas, pequeno repertorio romántico, música do século XX, etc.)."

6.5.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar obras de memoria, tanto en clase como en audicións públicas.
- Ampliar a gama de ataque entre legato e non legato.
- Perfeccionar a técnica de interpretación de diferentes planos sonoros e de entramado polifónico de dúas ou tres voces.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Adquirir autonomía progresiva no uso dos pedais e da dixitación.
- Adquirir hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Coñecer as súas posibles reglaxes da mecánica do piano, así como os períodos e formas de mantemento por parte do técnico afinador.
- Participar en dúas audicións públicas.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso, unha delas polifónica.
- Executar cunha técnica básica algunhas das dificultades da escritura desas obras.
- Adquirir un hábito de estudo continuado.

2º Trimestre:

- Amosar autonomía na dixitación e pedalización a lo menos nun fragmento ou pasaxe do repertorio.
- Ler de xeito elemental dúas obras o movementos do repertorio do curso.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipo de toque, da articulación e o fraseo.

3º Trimestre



- Realizar algunhas diferenciacións dinámicas e de planos sonoros no seu programa.
- Interpretar ao menos unha obra do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.5.4 Recursos didácticos

Estudos:

Moszkowsky Op.91 n1 e 2.

Cramer Vol. 1

Czerny Op. 299

Barroco:

J. S. Bach: Invencións 8, 10 e 13

Clásica:

Beethoven: Sonatina nº4, Sonata Op. 49 nº2

Haydn: Sonatas SVI G1, 10 e D1

Romántica:

Chopin: Preludios nº4 e 6

Grieg: Pezas Líricas op12, agás nº1

Mendelssohn: Romanzas sen palabras Op19 n2 e 4, Op30 n3, Op39 n1

Brahms: Vals Op. 39 n1

Moderna e Contemporánea:

Albéniz: Tango e Malagueña

Bartok: Mikrokosmos Vol 4 nº113

Debussy: Children's Corner nº2

Sofia Gubaidulina: Musical Toys (1969) [de entre 1,3,6,10,12]

6.6.1 Obxectivos

- Interpretar obras de memoria, tanto en clase como en audicións públicas.
- Ampliar a gama de ataque entre legato e non legato.
- Perfeccionar a técnica de interpretación de diferentes planos sonoros e de entramado polifónico de dúas ou tres voces.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Adquirir autonomía progresiva no uso dos pedais e da dixitación.
- Adquirir hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Coñecer as súas posibles reglaxes da mecánica do piano, así como os períodos e formas de mantemento por parte do técnico afinador.
- Participar en dúas audicións públicas.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.6.2 Contidos

- Aprendizaxe de recursos básicos para memorizar as obras e o seu adestramento na clase e nas audicións.
- Desenvolvemento progresivo dos diversos tipos de ataque, co emprego consciente e progresivamente maior das diferentes posibilidades que se deducen do uso correcto do peso do brazo e das articulacións.
- A precisión na realización das dinámicas diversas indicacións que a ela se refiren e o equilibrio dos niveis e calidade do son resultante, tanto en planos sonoros, entramado polifónico, melodía acompañada, acordes, etc.
- Interpretación de obras de carácter polifónico a dúas ou tres voces.
- Utilización consciente e controlada dos pedais e resolución de distintos casos de dixitación.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre fraseo, dinámica, pedal, e ornamentación na interpretación das obras.
- Adquisición de hábito de estudo.
- As posibles reglaxes da mecánica do piano, e os períodos e formas de mantemento por parte do técnico afinador.
- Desenvolvemento progresivo da lectura a vista.
- Participación en dúas audicións públicas.
- "Estudo e interpretación dun programa que debe comprender obras de



- diferentes estilos (contrapuntísticas, estudos técnicos, sonatinas ou sonatas clásicas, pequeno repertorio romántico, música do século XX, etc.)."

6.6.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel do curso, baseada no emprego do peso do brazo, a relaxación da muñeca e unha suficiente firmeza dixital.
- Realizar diferenciacións dinámicas claras, diversos tipos de toque e diferenciación de planos sonoros na produción dun son de calidade axeitada ao nivel do curso.
- Resolver con progresiva autonomía aspectos da interpretación pianística relativos á dixitación, articulación, pedalización, fraseo, ornamentación e os referentes á planificación da polifonía a dúas ou tres voces.
- Realizar exercicios de lectura a vista respectando a pulsación igual, a corrección no texto e cun mínimo de atención as indicacións dinámicas.
- Interpretar obras de distintas épocas e estilos dun nivel similares ao repertorio orientativo do curso, incluíndo repertorio do século XX.
- Interpretar de memoria obras do programa.
- Desenvolver un hábito de estudo continuado e eficaz, axeitado ao nivel.
- Amosar esforzo e interese pola materia.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler completas dúas obras o movementos do repertorio do curso, unha delas polifónica a dúas ou tres voces.
- Executar cunha técnica axeitada ao nivel a metade das dificultades da escritura desas obras.
- Adquirir un hábito de estudo continuado ao longo do trimestre.

2º Trimestre:

- Amosar unha autonomía na dixitación e pedalización e ornamentación a lo menos nun fragmento ou movemento.
- Ler completas dúas obras o movementos do repertorio do curso.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipo de toque, da articulación e o fraseo.

3º Trimestre:

- Realizar a metade das diferenciacións dinámicas e de planos sonoros do repertorio traballado.
- Interpretar ao menos unha obra do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.



- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.6.4 Recursos didácticos

Estudos

Jensen Op. 32

Czerny Op. 740 nº1, 2 e 3.

Czerny Op. 299 nº 21

Barroco

Bach: invencións 2, 6, 14 e 15.

Bach: pequenos preludios BWV 936

Scarlatti: Sonata K. 377

Clásica

Mozart: Sonata KV 545

Beethoven: Variacións en Sol M sobre un tema de Paisiello

Haydn: Sonatas Hob. XVI nº2 e 27

Romántica

Chopin: Preludio nº15

Tchaikovsky: "Os meses do ano". Outubro

Moderna e Contemporánea

Debussy: Preludio Libro 1 nº8

Debussy: Revêrie

Albéniz: Granada

Jacques Ibert: O burriño branco

Sofia Gubaidulina: Musical toys (1969): [de entre 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11]

6.7 Curso: 3º Grao Profesional

6.7.1 Obxectivos

- Interpretar obras de memoria, tanto en clase como en audicións públicas.
- Utilizar e combinar conscientemente as diferentes clases de ataque e aplicar o toque cantabile aos pasaxes que correspondan.



- Adquirir seguridade na aplicación da técnica de execución do entramado polifónico a dúas e tres voces e dos diferentes planos sonoros.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Lograr determinar a importancia da aplicación dos conceptos técnicos ao servizo da boa interpretación.
- Adquirir autonomía progresiva en canto ás técnicas de pedalización e o resultado sonoro final e as opcións de dixitación das obras.
- Adquirir coñecemento cada vez maior acerca das diferentes convencións estilísticas e formais.
- Desenvolver paulatinamente hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Desenvolver unha capacidade de autocrítica no proceso de estudo das obras e lograr formar un criterio propio sobre os resultados prácticos de dito proceso.
- Participar en dúas audicións públicas demostrando soltura na interpretación.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.7.2 Contidos

- Aprendizaxe de variados recursos para memorizar as obras e o seu adestramento na clase e nas audicións.
- Utilización e combinación das diferentes clases de ataque.
- Utilización consciente do peso do brazo como principal fonte de forza e control da sonoridade.
- Desenvolvemento do concepto de cantabile no piano e a súa aplicación na interpretación.
- A precisión na realización das dinámicas diversas indicacións que a ela se refiren e o equilibrio dos niveis e calidade do son resultante, tanto en planos sonoros, entramado polifónico, melodía acompañada, acordes, etc.
- Estudo da dixitación, pedalización e fraseo coa súa aplicación correcta na interpretación.
- Coñecemento das diferentes convencións estilísticas e formais a través das obras.
- Coñecemento da grafía e efectos da música contemporánea.
- Traballo sobre lectura a vista.
- Participación en dúas audicións públicas con soltura na interpretación.
- "Estudo e interpretación dun programa que debe comprender obras de diferentes estilos (contrapuntísticas, estudos técnicos, sonatinas ou sonatas clásicas, pequeno repertorio romántico, música do século XX, etc.)."



Criterios de avaliación

- Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel do curso, baseada no emprego do peso do brazo, a relaxación da muñeca e unha suficiente firmeza dixital.
- Realizar diferenciacións dinámicas claras, tipos de toque que inclúan o *cantabile* e diferenciación de planos sonoros na produción dun son de calidade axeitada ao nivel.
- Resolver con progresiva autonomía aspectos da interpretación pianística relativos á dixitación, articulación, pedalización, fraseo, ornamentación.
- Conseguir unha planificación solvente da polifonía a dúas ou tres voces.
- Resolver exercicios de lectura a vista respectando a pulsación igual, a corrección no texto e cun mínimo de atención as indicacións dinámicas e agónicas.
- Realizar escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes cunha técnica de nivel axeitado ao curso.
- Interpretar obras de distintas épocas e estilos dun nivel similar ao repertorio orientativo do curso, incluíndo repertorio do século XX e coñecendo as características máis básicas de cada un dos estilos interpretados.
- Interpretar de memoria obras do programa.
- Desenvolver un hábito de estudo continuado e eficaz, axeitado ao nivel.
- Amosar esforzo e interese pola materia.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler completas dúas obras do repertorio do curso, unha delas polifónica a dúas ou tres voces.
- Executar cunha técnica axeitada ao nivel a metade das dificultades da escritura desas obras.
- Amosar unha planificación do estudo constante.

2º Trimestre:

- Ter unha autonomía na dixitación, pedalización e ornamentación a lo menos nun fragmento ou movemento.
- Ler completas dúas obras do repertorio do curso.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipos de toque, da articulación e o fraseo.

3º Trimestre:

- Amosar unha planificación expresiva clara nunha obra ou movemento do repertorio.



- Interpretar ao menos unha obra do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.7.4 Recursos didácticos

Estudos

Clementi: Gradus ad Parnasum

Czerny: Op. 740

Barroco:

Bach: Sinfonías BWV 971 e BWV 794

Scarlatti: Sonata K. 177

Clásica:

Mozart: Sonata KV 282

Beethoven: Sonata Op. 79

Haydn: Sonatas Hob.XVI nº6, 13 e 14

Romántica:

Schumann: Escenas de nenos Op. 9 nº3

Chopin: Nocturno Op. 9 nº1 e Nocturno Op. 72 nº1

Tchaikovsky: "Os meses do ano". Xuño

Moderna e Contemporánea:

Debussy: Children's corner nº6

Lutoslawski: Tres pezas para a xuventude.

Inés Badalo: «Gama I» (2021)

6.8.1 Obxectivos

- Interpretar obras de memoria, tanto en clase como en audicións públicas.
- Utilizar conscientemente as diferentes clases de ataque e aplicar o toque cantabile aos pasaxes que correspondan.
- Adquirir seguridade na aplicación da técnica de execución do entramado polifónico a dúas e tres voces e dos diferentes planos sonoros.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Aplicar correctamente os recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores para unha relación coherente destes coa interpretación das obras.
- Adquirir autonomía progresiva en canto ás técnicas de pedalización e o resultado sonoro final e as opcións de dixitación das obras.
- Adquirir maior seguridade no coñecemento da estrutura formal das obras e convencións estilísticas do repertorio e da necesidade de aplicar este coñecemento na interpretación.
- Desenvolver paulatinamente hábitos interpretativos encamiñados a ter unha autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Ampliar e asegurar a capacidade de autocrítica no proceso do estado das obras e o seu resultado práctico final.
- Participar en dúas audicións públicas demostrando soltura na interpretación.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.8.2 Contidos

- Aprendizaxe de variados recursos para memorizar as obras e o seu adestramento na clase e nas audicións.
- Utilización consciente do peso do brazo como principal fonte de forza e control da sonoridade.
- Desenvolvemento do concepto de cantabile no piano e a súa aplicación na interpretación.
- Traballo sobre a calidade de son resultante como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e pedalización.
- Estudo en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Coñecemento da importancia do fraseo en relación coa forma e o estilo de cada obra e a súa aplicación á interpretación.



- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Traballo sobre lectura a vista.
- Participar en dúas audicións públicas demostrando soltura na interpretación.
- "Estudo e interpretación dun programa que debe comprender obras de diferentes estilos (contrapuntísticas, estudos técnicos, sonatinas ou sonatas clásicas, pequeno repertorio romántico, música do século XX, etc.)."

6.8.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel do curso, baseada no emprego do peso do brazo, a relaxación da muñeca e unha suficiente firmeza dixital.
- Realizar con seguridade diferenciacións dinámicas, tipos de toque que inclúan o *cantabile* e distintos planos sonoros na produción dun son de calidade axeitada ao nivel.
- Resolver con progresiva autonomía aspectos da interpretación pianística relativos á dixitación, articulación, pedalización, fraseo e ornamentación.
- Conseguir unha planificación solvente da polifonía a tres voces.
- Resolver exercicios de lectura a vista respectando a pulsación igual, a corrección no texto, as indicacións dinámicas e as agónicas.
- Realizar escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes cunha técnica de nivel axeitado ao curso.
- Interpretar obras de distintas épocas e estilos dun nivel similar ao repertorio orientativo do curso, incluíndo repertorio do século XX e coñecendo as características de cada un dos estilos interpretados.
- Interpretar de memoria obras do programa.
- Desenvolver un hábito de estudo continuado e eficaz, axeitado ao nivel.
- Amosar esforzo e interese pola materia.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler completas dúas obras do repertorio do curso, unha delas polifónica a tres voces.
- Executar cunha técnica axeitada ao nivel a metade das dificultades da escritura desas obras.
- Amosar unha planificación do estudo constante.

2º Trimestre:



- Ter unha autonomía na dixitación, pedalización e ornamentación a lo menos nunha obra o movemento.
- Ler completas dúas obras do repertorio do curso.
- Amosar unha destreza básica na interpretación dos tipo de toque, da articulación e o fraseo.

3º Trimestre:

- Amosar unha planificación expresiva clara nunha obra o movemento do repertorio.
- Interpretar ao menos unha obra do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.8.4 Recursos didácticos

Estudos

Liszt: Op. 1

Czerny: Op. 740

Moszkowsky: Op. 72

Barroco:

Bach: Suite francesa nº 4

Bach: Clave ben temperado Libro I, nº 6 e 9.

Scarlatti: Sonata K. 159

Clásica:

Mozart: Sonata KV 230

Beethoven: Sonata Op. 49 nº1

Haydn: Sonatas Hob XVI nº 37

Romántica:

Liszt: Consolacións nº 2, 4 e 5

Chopin: Mazurkas Op. 17 nº2 e 3

Chopin: Nocturnos Op. 32 nº1, Op. 15 nº1 e Op. 37 nº1.

Moderna e Contemporánea:

Debussy: Claro de Luna (Suite Bergamasque)

Mompou: Canción e danza nº 5



Inés Badalo: «Estrellas fugaces» (2023)

Sofia Gubaidulina: Musical toys (1969): [13-14]



6.9.1 Obxectivos

- Acadar seguridade e soltura na interpretación de obras de memoria, tanto na clase como en audicións públicas.
- Perfeccionar e utilizar conscientemente as diferentes clases de ataque e aplicar o toque cantabile aos pasaxes que correspondan.
- Demostrar seguridade na aplicación da técnica de execución do entramado polifónico a dúas e tres voces e dos diferentes planos sonoros.
- Desenvolver e perfeccionar a resolución e interpretación de diferentes problemas técnicos como escalas, arpexios, dobres notas, oitavas, acordes, etc. de acordo cun repertorio de nivel axeitado.
- Comprender a importancia da aplicación dos diferentes recursos técnicos aos diferentes estilos, coa conseguinte obtención de diversos resultados sonoros segundo cada estilo.
- Demostrar a consecución dun criterio propio correcto en canto ás técnicas de pedalización e o resultado sonoro final e ás opcións de dixitación das obras.
- Demostrar a capacidade de relacionar correctamente o concepto de estrutura formal, a súa análise práctica e a conseguinte interpretación de acordo ás convencións estilísticas e formais xa tratadas en cursos anteriores.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo correspondente ás diferentes épocas e autores.
- Ampliar e asegurar a capacidade de autocrítica no proceso do estado das obras e o seu resultado práctico final.
- Comprender a importancia do traballo con boas edicións e saber escoller correctamente o mellor texto posible para o estudo.
- Participar en dúas audicións públicas e demostrar seguridade, comunicación e soltura na interpretación das obras do seu repertorio en público.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.9.2 Contidos

- Desenvolvemento do concepto de cantabile no piano e a súa aplicación na interpretación.
- Traballo sobre a calidade de son resultante como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e pedalización.
- Perfeccionamento na utilización correcta dos pedais, con progresiva autonomía do alumno para propoñer e diferenciar distintas posibilidades sonoras.



- Discernimento entre as diversas dicitacións posibles, xulgando criticamente unhas e outras.
- Estudio en maior profundidade da dicitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Análise do repertorio a interpretar para unha memorización segura e consciente e unha mellor comprensión das obras.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Traballo sobre lectura a vista.
- Participar en dúas audicións públicas e demostrar seguridade, comunicación e soltura na interpretación das obras do seu repertorio en público.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.9.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar seguridade na execución técnica, baseada no emprego do peso do brazo, a relaxación da muñeca e unha suficiente firmeza dixital.
- Perfeccionar a realización de diferenciacións dinámicas, tipos de toque que inclúan o *cantabile* e distintos planos sonoros na produción dun son de calidade.
- Resolver con progresiva autonomía aspectos da interpretación pianística relativos á dicitación, articulación, pedalización, fraseo e ornamentación.
- Conseguir unha planificación solvente da polifonía a tres voces.
- Resolver exercicios de lectura a vista respectando a pulsación igual, a corrección no texto, as indicacións dinámicas, as agónicas e o carácter do mesmo.
- Realizar escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes cunha técnica axeitada.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos dun nivel similar ao repertorio orientativo do curso, incluíndo repertorio do século XX, aplicando de xeito progresivamente autónomo as características fundamentais de cada un deles.
- Interpretar de memoria obras do programa.
- Amosar un hábito de estudo continuado e eficaz.
- Amosar esforzo e interese pola materia.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler completas dúas obras do repertorio do curso, unha delas polifónica a tres voces.



- Executar cunha técnica axeitada as dificultades da escritura desas obras.
- Amosar unha planificación autónoma do estudo.

2º Trimestre:

- Aplicar un criterio propio en aspectos relativos á dixitación, articulación, pedalización e ornamentación no repertorio.
- Ler completas dúas obras do repertorio do curso.
- Realizar unha lectura acorde cos aspectos estilísticos básicos de cada estilo desas obras.

3º Trimestre:

- Amosar unha planificación expresiva acorde co análise formal e harmónico nunha obra o movemento do repertorio.
- Interpretar ao menos dúas obras do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.9.4 Recursos didácticos

Estudos

Chopin: 3 estudos póstumos.

Liszt: Op. 1

Scriabin: Op. 8

Barroco:

Bach: Suite francesa nº 5

Bach: Clave ben temperado Libro I (preludios e fugas a tres voces)

Scarlatti: Sonata K. 87

Clásica:

Mozart: Sonata KV 309, 284 e 397

Beethoven: Sonata Op. 2 nº1

Haydn: Sonatas Hob XVI nº23

Romántica:

Chopin: Fantasía Impromptu

Chopin: Polonesa Op. 26 nº1



Schubert: Impromptus Op. 90

Liszt: Nocturno en La b M.

Moderna e Contemporánea.

Bartok: Allegro Bárbaro

Bartok: Danzas romanas

Debussy: Preludios Libro I ("Minstrels", "Serenata interrumpida")

Ginastera: Tres danzas argentinas.

Sofia Gubaidulina: Toccata-troncata (1971)



6.10.1 Obxectivos

- Afianzar e demostrar a seguridade e soltura na execución de memoria das obras tanto na clase como nas audicións públicas.
- Dominar as diferentes clases de ataques pianísticos e perfeccionar o cantabile a través de diferentes texturas pianísticas e diferentes estilos compositivos.
- Demostrar seguridade na aplicación da técnica de execución do entramado polifónico a dúas e tres voces e dos diferentes planos sonoros.
- Desenvolver e perfeccionar a resolución e interpretación de diferentes problemas técnicos como escalas, arpexios, dobres notas, oitavas, acordes, etc. de acordo cun repertorio de nivel axeitado.
- Demostrar autonomía no emprego dos recursos técnicos adquiridos en cursos anteriores, adecuándoos correctamente ás obras obxecto de estudo.
- Demostrar a consecución dun criterio propio correcto en canto á pedalización e dixitación das obras, o uso da dinámica e o cantabile.
- Demostrar a capacidade de relacionar correctamente o concepto de estrutura formal, a súa análise práctica e a conseguinte interpretación de acordo ás convencións estilísticas e formais xa tratadas en cursos anteriores.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo correspondente ás diferentes épocas e autores.
- Ser capaz de efectuar unha autocrítica madura do propio rendemento interpretativo en función das horas de estudo empregadas.
- Comprender a importancia do traballo con boas edicións e saber escoller correctamente o mellor texto posible para o estudo.
- Analizar os resultados da aplicación no estudo das diversas informacións recibidas a través das notas críticas das edicións.
- Participar en dúas audicións públicas e demostrar seguridade, comunicación e soltura na interpretación das obras do seu repertorio en público. Afrontar un recital como solista interpretando obras do repertorio do curso.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.10.2 Contidos

- Perfeccionamento do "cantabile", ligado ao entendemento das diferentes texturas pianísticas a través dos diferentes estilos compositivos.



- Traballo en profundidade sobre a calidade de son resultante como resposta á aplicación dos diferentes métodos técnicos como tipos de ataque, manexo das articulacións, control da dinámica e pedalización.
- Perfeccionamento na utilización correcta dos pedais, con autonomía do alumno para propoñer e diferenciar distintas posibilidades sonoras.
- Discernimento entre as diversas dixitacións posibles, xulgando criticamente unhas e outras.
- Estudio en maior profundidade da dixitación, pedalización e fraseo das obras e a súa aplicación á interpretación.
- Análise de todo o repertorio a interpretar para unha memorización segura e consciente e unha comprensión profunda das obras, incluíndo a forma sonata.
- Traballo en partituras onde sexan necesarios coñecementos sobre grafía específica de música contemporánea e signos ornamentais de calquera época.
- Traballo sobre lectura a vista.
- Participar en dúas audicións públicas e demostrar seguridade, comunicación e soltura na interpretación das obras do seu repertorio en público. Afrontar un recital como solista interpretando obras do repertorio do curso.
- Ser capaz de interpretar, ao final do curso, obras de diferentes épocas e estilos de nivel similar ás que figuran como orientativas nesta programación.

6.10.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Amosar seguridade na execución técnica, baseada no emprego do peso do brazo, a relaxación da muñeca e unha suficiente firmeza dixital.
- Perfeccionar a realización de diferenciacións dinámicas, tipos de toque que inclúan o *cantabile* e distintos planos sonoros na produción dun son de calidade.
- Resolver con progresiva autonomía aspectos da interpretación pianística relativos á dixitación, articulación, pedalización, fraseo e ornamentación.
- Conseguir unha planificación solvente da polifonía a tres voces.
- Ler a vista obras sinxelas, respectando a pulsación igual, a corrección no texto, as indicacións dinámicas, as agónicas e o carácter da mesma.
- Realizar escalas, arpexios, dobres notas, octavas e acordes cunha técnica axeitada.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos dun nivel similar ao repertorio orientativo do curso, incluíndo repertorio do século XX, aplicando de xeito progresivamente autónomo as características fundamentais de cada un deles.
- Interpretar de memoria obras do programa.



- Sofisticar a calidade do estudo autónomo de xeito progresivo.
- Amosar esforzo e interese pola materia.

Mínimos esixibles

1º Trimestre:

- Ler completas dúas obras do repertorio do curso, unha delas polifónica a tres voces.
- Executar cunha técnica axeitada as dificultades da escritura desas obras.
- Amosar autocrítica xulgando a calidade do propio estudo.

2º Trimestre:

- Aplicar un criterio propio en aspectos relativos á dicitación, articulación, pedalización e ornamentación no repertorio.
- Ler completas dúas obras do repertorio do curso.
- Realizar unha lectura acorde cos aspectos estilísticos básicos de cada estilo desas obras.

3º Trimestre:

- Amosar unha planificación expresiva acorde co análise formal e harmónico nunha obra o movemento do repertorio.
- Interpretar ao menos dúas obras do trimestre amosando coherencia na súa estrutura e contido musical.
- Participar nunha audición/proba pública interpretando unha peza de memoria.

Criterios de cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (30%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)
4. Interese pola materia e grao de esforzo e calidade do estudo na casa (10%)

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.10.4 Recursos didácticos

Estudos:

Chopin Op. 10 nº 5, 6 e 3. // Op. 25 nº 7 e 11.

Barroco:

Bach: Preludios e Fugas a tres e catro voces.

Bach: Suites francesas.

Scarlatti: Sonata K 125

Clásica:

Beethoven: Sonata Op. 10 nº1 e 2

Mozart: Sonata KV 475



Romántica:

Chopin: Impromptu Op. 29

Chopin: Nocturno Op. 13

Brahms: Rapsodias Op. 790 nº 1 e 2

Mendelssohn: Rondó Caprichoso.

Moderna e Contemporánea:

Debussy: Preludios Libro I ("Colinas de Anacapri", "A catedral mergullada")

Albéniz: Suite Iberia, "Evocación" e "El Puerto".

Granados: Valses poéticos.

Inés Badalo): «Libro de Arena» (2021)



Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte a materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Grao de participación nas audicións ou concertos organizado na materia.
- Probas puntuais de nivel (audicións técnicas, audicións de aula...)

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- **Dada a importancia que a observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.**
- **Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.**

A **cualificación parcial de cada trimestre** será a media ponderada dos criterios de cualificación (80%) e a cualificación puntual do exame/audición do trimestre (20%), aplicándose ditos criterios mediante o uso da rúbrica da avaliación ordinaria.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

1. Superar os criterios de avaliación indicados coma mínimos esixibles recollidos en cada curso. Consideraranse coma superados cada un destes criterios cando na rúbrica de



avaliación correspondente se acade o valor indicado coma mínimo esixible.

2. Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).



8 Ampliacións de matrícula

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a **ampliación de matrícula** é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na realización dunha audición pública na que interpretará todo o programa do curso.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

30% da cualificación: fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica.

30% da cualificación: capacidade técnica (dixitación, utilización do pedal, correcta realización de dinámicas), relaxación muscular e posición corporal axeitada.

30% da cualificación: calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria.

10% da cualificación: interese pola materia, grao de esforzo e calidade do estudo na casa.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante **rúbrica** correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.



9 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha mais grande mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este consideraranse superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar ao alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso, o alumno ou alumna será convocado para dita proba con alomenos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

- Interpretación íntegra do programa do curso.
- Unha obra alomenos, será interpretada de memoria.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- Grao de consecución dos obxectivos e contidos da programación (rúbrica) 100% da nota.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante **rúbrica correspondente** (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superara a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.



A proba consistirá en:

- Interpretación íntegra do programa do curso.
- Unha obra, alomenos, será interpretada de memoria.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

- Grao de consecución dos obxectivos e contidos da programación (rúbrica) 100% da nota.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para curso.



10 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A aplicación da programación didáctica será supervisada de maneira constante por parte do profesorado da especialidade, rexistrando o seu grao de cumprimento e eficacia, e as posibles incidencias ou desviacións na planificación da mesma.

Nas reunións do departamento didáctico de tecla deixarase constancia deste seguimento así coma de calquera outra incidencia a ter en conta para a súa avaliación, revisión e mellora.

11 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Sen prexuízo de calquera outra medida que se estableza para a avaliación e mellora continua do sistema educativo e das ensinanzas musicais por parte da administración educativa competente, cada departamento didáctico realizará ao remate do período lectivo unha memoria final do curso. Nesta memoria farase constar o seguimento realizado sobre cada unha das materias, un análise do grao de consecución, resultados obtidos e demais incidencias salientables, e indicaranse as posibles modificacións e propostas de mellora de cara a vindeiros cursos con respecto a esta programación didáctica, así coma sobre o funcionamento e actividades do departamento didáctico.



12.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

A proba instrumental consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas neste documento para o 4º curso de grao elemental ou ser outras dunha dificultade semellante, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao 4º curso de grao elemental.

Criterios de avaliación e cualificación

1. Fidelidade ao texto, fluidez, tempo, respiración e precisión rítmica. (40%)
2. Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal axeitada. (30%)
3. Calidade sonora e interpretación. Capacidade e seguridade na memoria (30%)

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos)

12.2 Probas de acceso a outros cursos

12.2.1 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental

A proba instrumental consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e dun exercicio de lectura a primeira vista, que poderán ser escollidas entre as programadas no indicado nesta programación para o curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade semellante a elección do/da aspirante.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos). O grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

12.2.2 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

As persoas que desexen acceder a calquera curso de grao profesional distinto de 1º deberán realizar unha proba de acceso que consta de dúas partes:

A parte A da proba consistirá na interpretación, no instrumento da especialidade ou coa voz no caso da especialidade de Canto, de 3 obras pertencentes a distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, 1 deberase interpretar de memoria.



Na parte B da proba realizarase un exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Para superar a proba deberase acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada parte. A cualificación final da proba será o resultado da seguinte ponderación: parte A 70%, parte B o 30%.

Tanto para a realización da parte A coma da parte B os aspirantes deberán presentarse co acompañamento que o repertorio requira. Dito acompañamento corre a cargo do aspirante.

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.

A valoración da parte B desta proba será conforme ao establecido no documento [Valoración da parte B das probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso de Grao Profesional](#), que se pode consultar na web do centro¹.

Contidos

Os indicados nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

12.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

¹ENLACE: conservatoriosantiago.gal/contenido/uploads/2018/06/acceso-a-outros-cursos-info-parte-b-acceso-outros-cursos-gp.pdf

12.4 Rúbrica de avaliación continua (avaliacións trimestrais)

C. Cualificación	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal 30%	Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento.	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,15	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,52	A posición é maioritariamente correcta, pero con algunhas imprecisións e falta de fluidez. 0,75	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 0,9	Executa a técnica con fluidez e control, demostrando unha correcta articulación e son. 1,05	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e a eficacia dos movementos, con control e calidade de son. 1,2	Amosa un control xestual sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade e un son sen tensións. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
	Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel.	Non domina a articulación básica e ten problemas para tocar pasaxes con fluidez. 0,15	Mostra inestabilidade rítmica e falta de control na execución. 0,52	Executa exercicios técnicos e pezas con algunhas imprecisións rítmicas e poucas dixitacións incorrectas. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	Mantén un ritmo estable e a dixitación é maioritariamente correcta en todo o repertorio. 0,9	Executa as pezas con fluidez, control rítmico e unha dixitación eficiente. 1,05	Emprega unha técnica axeitada ao nivel en case todas as pasaxes do repertorio. 1,2	Amosa un control técnico sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
Calidade sonora e interpretación Capacidade e seguridade na memoria. 30%	Son dunha calidade e sentido musical axeitados ao nivel.	Non diferencia dinámicas, articulación ou fraseo, resultando nunha interpretación plana. 0,15	Intenta variar dinámicas e fraseo, pero de maneira inconsistente e con pouca claridade. 0,52	Comeza a diferenciar dinámicas básicas (p e f) e a aplicar un fraseo rudimentario nas obras. 0,75	Executa as obras con dinámicas e articulacións bastante claras, con coherencia na interpretación. 0,9	A interpretación é expresiva e musical, con matices e unha certa sensibilidade nas pasaxes. 1,05	Demostra unha alta sensibilidade e control sobre a expresión, creando unha interpretación con matices. 1,2	A súa interpretación destaca pola súa profunda expresividade e calidade, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música. 1,35	A súa interpretación é excepcional, con matices e cor, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música, sendo a interpretación persoal e expresiva. 1,5
	Interpretar obras de memoria. Participar en audición.	Non é capaz de tocar de memoria. 0,15	Ten moitos fallos de memoria que interrompen a execución da obra. 0,52	É capaz de tocar de memoria, pero con algúns fallos esporádicos. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	A memoria é case sempre sólida, con algún erro de dixitación ou articulación puntual. 0,9	A súa memoria é sólida e fiable en todas as obras de repertorio. 1,05	O dominio da memoria é total en todas as obras de repertorio. 1,2	O dominio da memoria é total, con perfecta execución e sen dúbidas. 1,35	Perfecta execución de memoria, cunha seguridade e solvencia excepcionais. 1,5
Fidelidade ao texto, fluidez, tempo e precisión rítmica 30%	Interpretar repertorio con corrección en canto á articulación, texto e pulso estable.	O ritmo e o tempo son incorrectos ou inestables, cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,3	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución é pouco fluída e con interrupcións. 1,05	Executa as pezas con algunhas imprecisións rítmicas e de notas. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. MÍNIMO ESXIBLE 1,5	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 1,8	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 2,1	A execución é rítmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 2,4	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 2,7	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 3
Interese pola materia, grao de esforzo e calidade do estudo na casa 10%	Amosar interese pola materia e grao de esforzo.	Mostra pouco interese, pouca participación e esforzo mínimo na práctica diaria. 0,05	O esforzo e a motivación son inconsistentes, o que se reflicte na calidade do traballo. 0,17	O interese é variable, cumprindo coas tarefas esixidas pero sen ir máis alá. 0,25	Amosa interese pola materia, con esforzo na práctica e unha participación activa na clase. 0,3	Demostra gran motivación e traballo constante, buscando mellorar e profundar nos contidos. 0,35	O seu esforzo é exemplar, con dedicación e iniciativa para traballar en áreas non esixidas. 0,4	Demostra unha motivación ao instrumento e un esforzo para alcanzar os obxectivos excepcionais. 0,45	A súa dedicación é extraordinaria en intención e logros cualificables. 0,5
	Desenvolver un hábito de estudo continuado e eficaz.	O estudo é ineficiente e require de axuda constante para a resolución de problemas. 0,05	Non é capaz de solucionar problemas técnicos ou musicais de forma autónoma. 0,17	Comeza a usar estratexias de estudo, pero con pouca efectividade. MÍNIMO ESXIBLE 0,25	Utiliza estratexias de estudo básicas que lle permiten avanzar no repertorio de forma autónoma. 0,3	O seu estudo é eficiente, sendo capaz de identificar e solucionar problemas de forma autónoma. 0,35	Amosa unha gran capacidade de estudo autónomo, podendo abordar obras máis complexas con confianza e solvencia. 0,4	É un estudante totalmente autónomo, que traballa de forma organizada e eficiente. 0,45	O seu estudo é exemplar, con dedicación e iniciativa para traballar en áreas non esixidas. 0,5
Observacións:									Cualificación:

12.5 Rúbrica de avaliación puntual (para o caso en que a avaliación continua non sexa posible, para a avaliación extraordinaria e para a ampliación de matrícula)

C. Cualificación	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal 30%	Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento.	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,15	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,52	A posición é maioritariamente correcta, pero con algunhas imprecisións e falta de fluidez. 0,75	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 0,9	Executa a técnica con fluidez e control, demostrando unha correcta articulación e son. 1,05	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e a eficacia dos movementos, con control e calidade de son. 1,2	Amosa un control xestual sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade e un son sen tensións. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
	Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel.	Non domina a articulación básica e ten problemas para tocar pasaxes con fluidez. 0,15	Mostra inestabilidade rítmica e falta de control na execución. 0,52	Executa exercicios técnicos e pezas con algunhas imprecisións rítmicas e poucas dixitacións incorrectas. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	Mantén un ritmo estable e a dixitación é maioritariamente correcta en todo o repertorio. 0,9	Executa as pezas con fluidez, control rítmico e unha dixitación eficiente. 1,05	Emprega unha técnica axeitada ao nivel en case todas as pasaxes do repertorio. 1,2	Amosa un control técnico sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
Calidade sonora e interpretación Capacidade e seguridade na memoria. 30%	Son dunha calidade e sentido musical axeitados ao nivel.	Non diferencia dinámicas, articulación ou fraseo, resultando nunha interpretación plana. 0,15	Intenta variar dinámicas e fraseo, pero de maneira inconsistente e con pouca claridade. 0,52	Comeza a diferenciar dinámicas básicas (p e f) e a aplicar un fraseo rudimentario nas obras. 0,75	Executa as obras con dinámicas e articulacións bastante claras, con coherencia na interpretación. 0,9	A interpretación é expresiva e musical, con matices e unha certa sensibilidade nas pasaxes. 1,05	Demostra unha alta sensibilidade e control sobre a expresión, creando unha interpretación con matices. 1,2	A súa interpretación destaca pola súa profunda expresividade e calidade, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música. 1,35	A súa interpretación é excepcional, con matices e cor, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música, sendo a interpretación persoal e expresiva. 1,5
	Interpretar obras de memoria. Participar en audición.	Non é capaz de tocar de memoria. 0,15	Ten moitos fallos de memoria que interrompen a execución da obra. 0,52	É capaz de tocar de memoria, pero con algúns fallos esporádicos. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	A memoria é case sempre sólida, con algún erro de dixitación ou articulación puntual. 0,9	A súa memoria é sólida e fiable en todas as obras de repertorio. 1,05	O dominio da memoria é total en todas as obras de repertorio. 1,2	O dominio da memoria é total, con perfecta execución e sen dúbidas. 1,35	Perfecta execución de memoria, cunha seguridade e solvencia excepcionais. 1,5
Fidelidade ao texto, fluidez, tempo e precisión rítmica 30%	Interpretar repertorio con corrección en canto á articulación, texto e pulso estable.	O ritmo e o tempo son incorrectos ou inestables, cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,3	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución é pouco fluída e con interrupcións. 1,05	Executa as pezas con algunhas imprecisións rítmicas e de notas. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. MÍNIMO ESXIBLE 1,5	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 1,8	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 2,1	A execución é ritmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 2,4	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 2,7	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 3
Interese pola materia, grao de esforzo e calidade do estudo na casa 10%	Amosar interese pola materia e grao de esforzo.	Mostra pouco interese, pouca participación e esforzo mínimo na práctica diaria. 0,05	O esforzo e a motivación son inconsistentes, o que se reflicte na calidade do traballo. 0,17	O interese é variable, cumprindo coas tarefas esixidas pero sen ir máis alá. 0,25	Amosa interese pola materia, con esforzo na práctica e unha participación activa na clase. 0,3	Demostra gran motivación e traballo constante, buscando mellorar e profundar nos contidos. 0,35	O seu esforzo é exemplar, con dedicación e iniciativa para traballar en áreas non esixidas. 0,4	Demostra unha motivación ao instrumento e un esforzo para alcanzar os obxectivos excepcionais. 0,45	A súa dedicación é extraordinaria en intención e logros cualificables. 0,5
	Desenvolver un hábito de estudo continuado e eficaz.	O estudo é ineficiente e require de axuda constante para a resolución de problemas. 0,05	Non é capaz de solucionar problemas técnicos ou musicais de forma autónoma. 0,17	Comeza a usar estratexias de estudo, pero con pouca efectividade. MÍNIMO ESXIBLE 0,25	Utiliza estratexias de estudo básicas que lle permiten avanzar no repertorio de forma autónoma. 0,3	O seu estudo é eficiente, sendo capaz de identificar e solucionar problemas de forma autónoma. 0,35	Amosa unha gran capacidade de estudo autónomo, podendo abordar obras máis complexas con confianza e solvencia. 0,4	É un estudante totalmente autónomo, que traballa de forma organizada e eficiente. 0,45	O seu estudo é exemplar, con dedicación e iniciativa para traballar en áreas non esixidas. 0,5
Observacións:									Cualificación:

12.6 Rúbrica de avaliación para as probas de acceso a calquera curso

C. Cualificación	C. Avaliación	1 punto	3,5 puntos	5 puntos	6 puntos	7 puntos	8 puntos	9 puntos	10 puntos
Capacidade técnica, relaxación muscular e posición corporal 30%	Adoptar unha posición correcta fronte ao instrumento.	Non mantén unha postura relaxada ou unha posición da man e dedos axeitada. 0,15	Mostra inseguridade na posición, con tensións e movementos non desexados. 0,52	A posición é maioritariamente correcta, pero con algunhas imprecisións e falta de fluidez. 0,75	Mantén unha postura e posición correctas, con flexibilidade e axilidade crecentes. 0,9	Executa a técnica con fluidez e control, demostrando unha correcta articulación e son. 1,05	Desenvolve unha técnica baseada na relaxación e a eficacia dos movementos, con control e calidade de son. 1,2	Amosa un control xestual sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade e un son sen tensións. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
	Amosar unha técnica pianística axeitada ao nivel.	Non domina a articulación básica e ten problemas para tocar pasaxes con fluidez. 0,15	Mostra inestabilidade rítmica e falta de control na execución. 0,52	Executa exercicios técnicos e pezas con algunhas imprecisións rítmicas e poucas dixitacións incorrectas. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	Mantén un ritmo estable e a dixitación é maioritariamente correcta en todo o repertorio. 0,9	Executa as pezas con fluidez, control rítmico e unha dixitación eficiente. 1,05	Emprega unha técnica axeitada ao nivel en case todas as pasaxes do repertorio. 1,2	Amosa un control técnico sólido e seguro, capaz de resolver pasaxes complexas con facilidade. 1,35	Domina a técnica con gran seguridade e solvencia, aplicándoa de maneira eficiente en todo o repertorio. 1,5
Calidade sonora e interpretación Capacidade e seguridade na memoria. 30%	Son dunha calidade e sentido musical axeitados ao nivel.	Non diferencia dinámicas, articulación ou fraseo, resultando nunha interpretación plana. 0,15	Intenta variar dinámicas e fraseo, pero de maneira inconsistente e con pouca claridade. 0,52	Comeza a diferenciar dinámicas básicas (p e f) e a aplicar un fraseo rudimentario nas obras. 0,75	Executa as obras con dinámicas e articulacións bastante claras, con coherencia na interpretación. 0,9	A interpretación é expresiva e musical, con matices e unha certa sensibilidade nas pasaxes. 1,05	Demostra unha alta sensibilidade e control sobre a expresión, creando unha interpretación con matices. 1,2	A súa interpretación destaca pola súa profunda expresividade e calidade, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música. 1,35	A súa interpretación é excepcional, con matices e cor, transmitindo emoción e unha comunicación fluída coa música, sendo a interpretación persoal e expresiva. 1,5
	Interpretar obras de memoria.	Non é capaz de tocar de memoria. 0,15	Ten moitos fallos de memoria que interrompen a execución da obra. 0,52	É capaz de tocar de memoria, pero con algúns fallos esporádicos. MÍNIMO ESXIBLE 0,75	A memoria é case sempre sólida, con algún erro de dixitación ou articulación puntual. 0,9	A súa memoria é sólida e fiable en todas as obras de repertorio. 1,05	O dominio da memoria é total en todas as obras de repertorio. 1,2	O dominio da memoria é total, con perfecta execución e sen dúbidas. 1,35	Perfecta execución de memoria, cunha seguridade e solvencia excepcionais. 1,5
Fidelidade ao texto, fluidez, tempo e precisión rítmica 40%	Interpretar repertorio con corrección en canto á articulación, texto e pulso estable.	O ritmo e o tempo son incorrectos ou inestables, cunha grande cantidade de erros de notas e valores. A execución non é fiel á partitura. 0,4	Mostra inestabilidade rítmica e de tempo, con moitos erros de notas. A execución é pouco fluída e con interrupcións. 1,4	Executa as pezas con algunhas imprecisións rítmicas e de notas. A execución é pouco fluída e require de interrupcións ocasionais. MÍNIMO ESXIBLE 2	O ritmo e o tempo son maioritariamente estables, con algúns erros de notas. A fluidez na execución é aceptable. 2,4	Mantén un ritmo e un tempo estables, con poucas ou ningunha imprecisión rítmica. A execución é fluída e fiel á partitura. 2,8	A execución é rítmicamente precisa, con grande fluidez e un tempo constante, respectando todas as indicacións do texto musical. 3,2	O ritmo, o tempo e a fluidez son excelentes, sen ningún erro de notas ou valores. A interpretación é totalmente fiel á partitura. 3,6	Execución perfecta, cunha precisión rítmica e un tempo impecables. A fluidez é total e a interpretación supera as expectativas do texto musical. 4
Observacións:								Cualificación:	